



Concello de A Pobra do Caramiñal

Expediente 228/2018
Asunto Revisión de oficio das licencias de obras 1/2006 e 2/2006
outorgadas a Dna. Carlota Sanisidro Dieste para a construción dunha vivenda unifamiliar

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto que en data 10 de xaneiro de 2006, a Xunta de goberno local deste concello acordou outorgar as licencias de obras n.º 1/2006 e 2/2006 relativas á construción en dúas fases dunha vivenda unifamiliar na rúa Ribeiriña deste concello.

Considerando que a citada obra foi obxecto de múltiples denuncias veciñais e paralizacións da obra vinculadas a que a execución das mesmas non se axustaba ao planeamento urbanístico vixente naquel intre, e que desembocaron nun preito ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa na que, como feito probado mediante as testificais oportunas, queda acreditado o erro na concesión da licencia toda vez que o informe técnico do servizo urbanístico non advertiu que a edificación proxectada non cumpría co retranqueo ao lindeiro posterior mínimo.

Considerando que en vista do anterior, en sesión plenaria ordinaria de data 25 de xaneiro de 2018, o Pleno da Corporación acordou o inicio dun procedemento de revisión de oficio das licencias outorgadas por entender que as mesmas adoecía dun vicio de nulidade.

Vistas as alegacións presentadas e o informe-proposta da Secretaría municipal.

Visto o informe preceptivo evacuado polo Consello Consultivo de Galicia, en data 20 de xuño, no que se informa desfavorablemente a proposta de resolución no senso en que baixo o criterio deste órgano esta foi adoptada por órgano incompetente para declarar a nulidade, toda vez que considera que a nulidade debe ser declarada polo órgano que ditou o acto.

Tendo en conta o actual réxime de delegacións de competencias entre a Alcaldía e a Xunta de Goberno, regulado no Decreto nº 2017-0109 de data 13/02/2017, no que se recolle que queda delegada na Xunta de Goberno *“a competencia recollida no artigo 21.1.Q da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, polo cal correspóndelle ó alcalde “ o outorgamento das licenzas, salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno ou á Xunta de Goberno Local”.*

Considerando que a teor do anteriormente exposto, non se atopa delegada na Xunta de Goberno Local a competencia para a revisión de oficio dos actos ditados en materia de outorgamento de licenzas urbanísticas.



Concello de A Pobra do Caramiñal

Por todo o anteriormente exposto, elevase ao Pleno para a súa aprobación, se procede, a seguinte proposta de acordo:

PRIMEIRO. Acordar o desestimento na tramitación do procedemento de revisión de oficio do acordo da Xunta de Goberno Local de data 10 de xaneiro de 2006, mediante o cal se outorgaron as licencias de obras n.º 1/2006 e 2/2006 relativas á construción en dúas fases dunha vivenda unifamiliar na rúa Ribeiriña nº14-A, parroquia de Posmarcos, deste concello a nome de Dna. Carlota María Sanisidro Dieste.

A decisión fundaméntase na consideración terceira do ditame emitido polo Consello Consultivo de Galicia en relación coa proposta de resolución remitida a ese órgano e que considera que o Pleno non é o órgano competente para acordar a nulidade do acordo da Xunta de Goberno Local.

SEGUNDO. Dese traslado das actuacións realizadas á Alcaldía.

TERCEIRO. Notificar ás persoas que gocen da condición de interesado no expediente o presente acordo.

O Alcalde

asinado dixitalmente

Concello de A Pobra do Caramiñal

C/ Gasset, 28, A Pobra do Caramiñal. 15940 (A Coruña). Tfno. 981843280. Fax: